

MES DA CIENCIA!

Consulta todas as datas na axenda de Cultura da Xunta de Galicia: www.cultura.gal/axenda

LINGUA E CIENCIA

Recompilación de recursos sobre a lingua galega e a ciencia realizado pola Secretaría Xeral de Política Lingüística. Pódese consultar na seguinte ligazón www.lingua.gal/o-galego/promovelo/equipos-dinamizacion-da-lingua-galega/datas-sinaladas

MES DA CIENCIA EN GALEGO NAS BIBLIOTECAS ESCOLARES

As bibliotecas escolares galegas estimulan a lectura de todo tipo de textos informativos e de ficción, e apoian as aprendizaxes en todas as áreas e materias. Nos últimos cursos, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria puxo o enfoque na necesaria presenza das ciencias nas actividades da biblioteca escolar, a través da edición de carteis específicos sobre “ler ciencias” ou sobre as matemáticas. Estes materiais xeraron multitude de actividades por todo o territorio galego e son moitas as bibliotecas escolares que coordinaron proxectos de carácter interdisciplinar sobre temas científicos nestes anos. Para o curso 2015/16 elixiuse para a campaña anual nas bibliotecas escolares o lema “Biblioteca escolar, base de exploracións”, cunha clara referencia ás posibilidades da biblioteca como espazo de aventuras reais e imaxinarias e como recurso para a investigación e o coñecemento do mundo. Con estas actuacións, as bibliotecas escolares están contribuíndo a unha presenza máis equilibrada das ciencias e das humanidades no conxunto das súas actividades e na dinámica cotiá dos centros.



II CONCURSO DE TRABALLOS POR PROXECTOS

No mes de novembro daranse a coñecer os traballos premiados no II Concurso de Traballo por Proxectos que, nas súas diferentes modalidades, contempla

un especial apartado para os temas de contido científico. Da totalidade dos traballos presentados, un 25% trata temas das áreas de ciencias.

RECURSOS PARA A CIENCIA EN GALEGO

Desde a Asesoría de Bibliotecas Escolares ofrécenselles aos centros, en préstamo temporal, varias maletas con contido científico (ciencias, física e química, matemáticas ou xeoloxía e bioloxía) que teñen unha gran receptividade por parte dos equipos de biblioteca. Está dispoñible, así mesmo, a través da ligazón <http://www.edu.xunta.es/biblioteca/ciencia/> un repositorio de materiais para a ciencia en galego, iniciado en 2014 e que se actualiza periodicamente.

VI XORNADAS DE BIBLIOTECAS ESCOLARES

Como resultado deste interese por integrar ciencias e humanidades nas actividades das bibliotecas escolares, o programa previsto para as VI Xornadas de Bibliotecas Escolares de Galicia, que se realizarán en Santiago de Compostela os días 20 e 21 de novembro, reserva a primeira xornada á divulgación científica, da man do profesor da Universidade da Coruña Xurxo Mariño, que se complementará coa difusión das experiencias de dous centros que durante o curso 2014/15 dedicaron boa parte da súa actividade a aspectos científicos: o CEIP Montemogos (Bueu) e o IES Ramón María Aller Ulloa (Lalín). Outras experiencias que se presentarán ao longo das xornadas gardan unha importante relación cos contidos científicos.



Texto do científico Jorge Mira Pérez con motivo da celebración do Mes da Ciencia



Para un humano primitivo, un cadro de Picasso só sería un trapo, untado con graxas de cores, e un libro de Rosalía de Castro, un montón de papeis con manchas negras. Para nós iso xa non é así, por mor da educación que recibimos, que nos fai posible percibir beleza nesas obras.

O universo tamén posúe, nas leis que o gobernan, unha beleza extraordinaria. Pero non é doado percibila: vai agromando ao longo da historia, grazas ao traballo de brillantes heroes e, ademais, está agochada para aquela persoa non formada cientificamente.

O descubrimento desa beleza foi un feito clave na vida das persoas que máis tarde decidiron traballar na ciencia. Marabilláronse con ela e comprenderon que tanto descubrila como crear con base nela son o meirande reto intelectual e unha fonte de pracer diferente. Afortunadamente, con ese proceso de descubrimento e creación melloraron as nosas condicións de vida. Un dos signos máis evidentes do avance humano é o seu progreso científico e tecnolóxico.




Cando un neno pequeno descobre algo que lle encanta, enseguida corre a dicirlles aos seus pais: “Mirade isto!”. Ese mesmo instinto é o que lanza a moitos científicos a divulgaren o seu coñecemento, a intentar que os que os rodean vexan o mesmo que eles ven. Ocorre, porén, que ás veces transmitir ese coñecemento non é trivial. Cómpre, polo tanto, un esforzo de axeitada tradución da ciencia para poderllo contar á maior cantidade de persoas.

Nese proceso, a lingua, como soporte das ideas, xogará un papel fundamental. O galego, tanto pola riqueza que lle dá o seu milenio de historia, como pola súa condición de porta aberta a centos de millóns de persoas da lusofonía, é vehículo esencial para transportar masivamente a ciencia e o labor dos moitos científicos de excelencia que temos en Galicia.

Prezadas bibliotecas públicas e bibliotecas escolares de Galicia: grazas por vos converterdes nas prazas públicas nas que isto se fará posible ao longo do mes de novembro.

Jorge Mira Pérez

Catedrático de Electromagnetismo da Universidade de Santiago de Compostela



NOVEMBRO MES DA CIENCIA EN GALEGO NAS BIBLIOTECAS

MES DA CIENCIA 2015 LER E VIVIR A CIENCIA EN GALEGO!

Programación de actividades de divulgación científica, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria



MES DA CIENCIA NAS BIBLIOTECAS PÚBLICAS

Consulta as datas na axenda de Cultura da Xunta de Galicia www.cultura.gal/axenda

BIBLIOTECA DE GALICIA

7 de novembro, de 17:00 a 18:30, no Auditorio da Biblioteca de Galicia

Conto teatralizado do polbo Octavio

Organizado pola Unidade de Cultura Científica do CSIC Galicia e o Instituto de Investigacións Mariñas

Para todos os públicos
Entrada libre ata completar as 150 prazas.
Non precisa inscrición

14 de novembro, de 17:00 a 18:30, na Aula I da Biblioteca de Galicia

Obradoiro de extracción de ADN

Organizado pola Unidade de Cultura Científica do CSIC Galicia, Instituto de Investigacións Agrobiolóxicas de Galicia e Misión Biolóxica de Galicia

Para nenos e nenas de 10 a 14 anos
Inscrición previa ata completar as 60 prazas, na web www.cidadedacultura.gal

21 de novembro, de 17:00 a 18:30, na Aula I da Biblioteca de Galicia

Obradoiro de arenóglifos

Organizado pola Unidade de Cultura Científica do CSIC Galicia e o Instituto de Ciencias do Patrimonio

Para nenos e nenas de 7 a 14 anos
Inscrición previa ata completar as 60 prazas, na web www.cidadedacultura.gal

28 de novembro, de 17:00 a 18:30, na Aula I da Biblioteca de Galicia

Flora e fauna nunha pinga de auga

Organizado pola Unidade de Cultura Científica do CSIC Galicia e o Instituto de Investigacións Mariñas

Actividade familiar, para nenos e nenas maiores de 6 anos. Inscrición previa ata completar as 60 prazas, na web www.cidadedacultura.gal

BIBLIOTECA PÚBLICA DA CORUÑA MIGUEL GONZÁLEZ GARCÉS

Do 29 de outubro ao 17 de novembro

Galicia, conservando a natureza

Exposición producida pola Xunta de Galicia en colaboración co CEIDA

Do 29 de outubro ao 17 de novembro

A conservación da natureza

Centro de interese que acompaña a exposición Galicia, conservando a natureza

Do 2 ao 30 de novembro

Ti podes salvar o planeta

Exposición e guía de lectura de libros infantís e xuvenís sobre o medio natural

Do 2 ao 30 de novembro

Xenética

Centro de interese de libros para adultos sobre xenética

27 de novembro ás 18:00 no salón de actos da biblioteca

Pescando xenes

Conferencia de Ángel Carracedo sobre xenética

BIBLIOTECA PÚBLICA DE LUGO

6 de novembro, ás 19:00 no salón de actos

Ciencia, aventuras e sorpresas dunha viaxe arredor do mundo

Conferencia de Xurxo Mariño
Para todos os públicos

13 de novembro ás 18:00 no salón de actos

Ciencia ilusión. A ilusión da ciencia

Espectáculo de maxia e ciencia con David Méndez
Para todos os públicos

21 de novembro ás 12:00 na sala multiusos

Eu quero ser científico@

Obradoiro con Ciencia divertida
Para nenos e nenas de 4 a 12 anos
Inscrición previa na biblioteca (25 prazas)

BIBLIOTECA PÚBLICA DE PONTEVEDRA ANTONIO ODRIEZOLA

21 de novembro ás 12:00 na sala de talleres

Non é maxia, é ciencia

Obradoiro de ciencia a cargo de ImasV
Para familias con nenos e nenas a partir dos 7 anos

28 de novembro ás 12:00 na sala de talleres

Polímeros para xogar

Obradoiros con Explora Ciencia!
QuimiLab (duración: 1h)

O moco miscoso de Brita a gorila

Dinámicas (duración: 30 minutos)

Modelos moleculares

Para nenos e nenas de 4 a 7 anos

BIBLIOTECA PÚBLICA DE OURENSE

10 de novembro ás 18:30 na sala infantil

Contiños con Susana

Para nenos e nenas de 4 a 7 anos

13 de novembro ás 18:30 na sala infantil

Ciencia de andar pola casa. Versión 2.0

Obradoiro realizado por Colectivo Gharabatos
Para nenos e nenas a partir de 6 anos

14 de novembro ás 11:30 na sala infantil

O Pastor Raúl con Sarabela

Para nenos e nenas a partir de 6 anos

Todo o mes de novembro

A ciencia en galego

Centros de interese sobre ciencia para o público infantil e para adultos

Guía de lectura sobre a ciencia para o público infantil e xuvenil

BIBLIOTECA PÚBLICA DE VIGO JUAN COMPAÑEL

7 de novembro ás 12:00 na sala infantil

Babacontos con ciencia

Larrazitz Urruzola contaralles aos máis pequenos:
As mellores vacacións do Rei Neptuno

Ondalina

Para nenos e nenas a partir de 3 anos

7 de novembro, ás 18:30 na sala infantil

A música das árbores con Servando Barreiro

Para nenos e nenas de 0 a 3 anos

17 de novembro ás 18:30 na sala infantil

Viaxes espaciais: presente e futuro con Teo Boo

Para nenos e nenas a partir de 6 anos

26 e 27 de novembro ás 18:00 na sala infantil

Entre microbios

Organizada polo Instituto de Investigacións Mariñas IIM-CSIC de Vigo en colaboración coa Unidade de Cultura Científica do CSIC en Galicia
Proxección dun audiovisual de microbioloxía (Kaleid@Labs)

Obradoiros científicos: **Vai frío, microbio?** e **Maxia microbiana**

Contaconto **Contos microbianos**

Para nenos e nenas a partir de 4 anos

Do 5 ao 30 de novembro, mostras bibliográficas

Mulleres e ciencia

A enerxía móvenos

BIBLIOTECA PÚBLICA DE SANTIAGO ÁNXL CASAL

Ciclo de actividades adicadas á astronomía, en colaboración co Observatorio Astronómico Ramón María Aller, da USC

10 de novembro ás 19:00 no salón de actos

Ciencia, aventuras e sorpresas dunha viaxe arredor do mundo

Charla de divulgación científica con Xurxo Mariño Alfonso. **Entrada libre ata completar a capacidade da sala**

11 de novembro ás 18:30 no salón de actos da biblioteca

Obradoiro infantil de astronomía

Para nenos e nenas de 4 a 6 anos. Inscrición previa (20 prazas)

18 de novembro ás 19:00 no salón de actos da biblioteca

Obradoiro infantil de astronomía

Para nenos e nenas de 7 a 10 anos. Inscrición previa (20 prazas)

18 de novembro ás 20:30

Observación do ceo nocturno con telescopio

Inscrición previa. O número máximo de participantes é de 50

19 de novembro ás 19:00 no salón de actos

Enerxía nuclear a debate: de Chernobyl a Fukushima

Charla de divulgación científica con Ramón Cid Manzano
Entrada libre ata completar a capacidade da sala

12 e 19 de novembro ás 10:00 no salón de actos da biblioteca

Obradoiros científicos

Para os máis pequenos con Ciencia Divertida, nos que participará o alumnado de dous colexios de Santiago de Compostela

- 12 de novembro **Chispas**

- 19 de novembro **Reaccións químicas**

24 e 26 de novembro ás 18:30 no salón de actos da biblioteca

Achégate á química!

Obradoiros científicos a cargo do (CIQUS) USC
Para nenos e nenas de 8 a 9 anos o 24 de novembro e para rapaces de 10 a 12 anos o 26 de novembro.
Inscrición previa (18 prazas para cada obradoiro)

25 de novembro ás 18:00

Obradoiro infantil de astronomía

Para nenos e nenas de 11 a 14 anos. Inscrición previa (30 prazas)

Do 5 ao 26 de novembro no vestíbulo e salón de actos

Cambio climático: o noso mundo, o noso futuro, a nosa opción

Exposición producida polo CEIDA e polo INEGA coa colaboración da Consellería de Economía, Emprego e Industria

Todo o mes de novembro

Mostras bibliográficas

Mes da Astronomía na sala infantil

O cambio climático